

BAILAMOS?



EQUIPO:

COMPOÑENTES:

Berta Campos Seoane

CEIP MANUEL PADÍN TRUITEIRO

1. INTRODUCCIÓN

Benvidos a esta nova unidade de investigación e coñecemento.


Na seguinte Unidade Didáctica trataremos A INCLUSIÓN co obxectivo de melloralala dentro da nosa escola e en toda a comunidade educativa dende unha visión social e crítica da educación.

É por iso que dende a nosa escola cremos que a mellor forma de acadar unha sociedade inclusiva é a través da educación.

Esta unidade vai buscar que a poboación infantil en idade escolar sexa quen de comprender e valorar que ser diferentes e diversos enriquece a escola.

O obxectivo é emancipar e descubrir por parte dos nosos alumnos a realidade do que acontece na sociedade que todas e todos somos diferentes e diversos.

Así que ánimo...e imos pórnos mans á obra!!!



SESIÓN 1. QUE SABEMOS?

Pensamos despois de ler as seguintes preguntas e facemos unha posta en común primeiro nos equipos de traballo colaborativo e logo no grupo-clase.

Que é ser unha nena ou un neno inclusiva/o?

Que crees que é a educación inclusiva?

Como crees que se traballa a educación inclusiva?

Por que crees que é importante a educación inclusiva?

Que crees que promove a educación inclusiva?

Escomenzamos a traballar o guión será o seguinte:

SESIÓN 1

Ideas previas: verbalización de ideas previas.

Escoitamos e cantamos a canción titulada: "Na casiña" con pictogramas para os máis pequenos <https://www.youtube.com/watch?v=9bLfDYq1kHE&t=68s>

E "Terra" con pictogramas para 5º e 6º <https://www.youtube.com/watch?v=b+PSdSMgPf4>
Farémolo ao final de cada sesión.

1. Visionado do conto:
2. Presentación de noticias e vídeos coa finalidade de lembrar que información ten o alumnado do tema.
3. Reflexionaremos en asemblea e sacaremos conclusións.
4. Establecer hipóteses de traballo buscando información por grupos, procurando darlle un valor engadido ao tema, xa que son os nenos os que xeran información.
5. Presentación dos contidos propostos.
6. Conclusións.

SESIÓN 2

Vimos o conto na pantalla dixital: https://aulasgalegas.org/wp-content/uploads/2020/05/noites-de-mudanzas_compressed-1.pdf

Tamén o puxemos en lingua de signos: <https://www.youtube.com/watch?v=7K4s9Ckh1nU&t=2s>

Os máis pequerrechos fixeron as actividades suxeridas, de xeito oral e na pizarra dixital: <https://aulasgalegas.org/wp-content/uploads/2020/05/ACTIVIDADES-A-NOITE-DAS-MUDANZAS.pdf>

Os maiores elaboramos 4 preguntas en equipos de traballo cooperativo e logo fixemos un roldo de preguntas entre os equipos.

SESIÓN 3

En equipos de traballo cooperativo definimos:

Integración Inclusión Exclusión

Facemos unha posta en común sobre as diferentes definicións cal nos parece máis correcta, escribímolos en cartolina e poñémolos no taboleiro de cortiza.

SESIÓN 4 e 5

Despois da posta en común en cada aula elaboraremos un lema sobre inclusión para poder facer un tríptico cos que nos parezan máis significativos. Podemos acompañar o lema de debuxos, fotografías, ...

Consultaremos lemas en internet, libros, etc e tamén poderemos facer os noso propios.

Montaremos o tríptico e repartirémolo nas aulas para as familias.

SESIÓN 6, 7 e 8




Realizaremos por equipos unha lectura de contos, dos seguintes seleccionados polo equipo de biblioteca.

Cada equipo preparará un para logo contarlos aos máis pequenos da escola.

Na aula tamén os traballaremos e cada equipo de traballo compartirá cos demais que lle pareceu o seu conto, que destacarían del, como o representarían cun debuxo, e ao final fariamos unas conclusións dos mesmos por equipos de traballo.

Tentaremos realizar esta actividade de contacontos o 3 de decembro.

"Día das persoas con diferente capacidade"



SESIÓN 9 e 10

Preparamos pictogramas para aquelas aulas que os necesiten e para os baños da escola, ademais remataremos de colocar pictos en todas as dependencias do centro.

Realizáremos nas diferentes aulas co pictotraductor: <https://www.pictotraductor.com/>

SESIÓN 11, 12, 13 E 14 para o alumnado de 5º e 6º

Traballaremos agrupados cos mesmos grupos da aprendizaxe cooperativa, na que xa temos designados o coordinador/a, o/a portavoz e o secretario/a, controlador/a de voz e tempo.

Segundo o guión, buscaremos INFORMACIÓN e anotaremos o importante nun arquivo Word.

SELECCIÓN da información que sexa relevante para facer o traballo.

ORGANIZACIÓN da información que seleccionamos para dar coherencia ao contido.

MONTAXE da información nun PowerPoint, con textos, dibuxos, fotografías e todo o que sexa necesario.

Debemos investigar a cerca da INCLUSIÓN.

- Que é a inclusión escolar?
- Como aplicar a inclusión educativa nas aulas?
- Como sabemos se unha escola é inclusiva?
- Que é o DUA?
- Opinión persoal sobre a nosa escola

Lembrede que tedes que facer unha exposición ao resto do grupo-clase.

Deberedes elaborar primeiro un documento de Word e posteriormente unha presentación en Power Point para vosos/as compañeiros/as, onde se recollan os aspectos que consideredes de interese sobre a INCLUSIÓN.

Trátase, en definitiva, que cada grupo expoña o resto do grupo-clase a información recollida.

E esta información ten que ser clara, sinxela e entendible por todos..

SESIÓN 15

Fará cada grupo un mural (composicións libre), pódese utilizar as técnicas plásticas que desexen, collage, debuxo artístico, etc. acompañarano cun slogan.

CONCLUSIÓN

Unha vez que rematedes a vosa investigación e antes de dar por concluído o traballo debes reflexionar acerca do traballo realizado.

RECURSOS

Libros de consulta

Aula Virtual do centro na materia Proxecto Competencial

Páxinas web recomendadas:

<https://aulasgalegas.org/tag/inclusion/>

<https://educarenaccion.com/2021/04/21/la-educacion-inclusiva-en-la-lomloe/>

<https://www.dobleequipovalencia.com/escuela-inclusiva-10-caracteristicas/>

Fontes para a realización da unidade:

<https://www.olimpiadasespeciales.org/blog/cual-es-la-diferencia-entre-integracion-inclusion>

<https://www.pinterest.com.mx/anaveliaargo/dibujos-de-inclusion/>

<https://www.phine.org.mx/post/2019/11/29/la-experiencia-de-un-baile-escolar-y-la-inclusi%C3%B3n>

